



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Fonética da Lingua Inglesa	Código	613G03023	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Pereira Ares, Noemí	Correo electrónico	noemi.pereira@udc.es	
Profesorado	, Pereira Ares, Noemí	Correo electrónico	anabella.barsaglini.castro@udc.es noemi.pereira@udc.es	
Web	www.pcudc.es			
Descrición xeral	A materia pretende proporcionar aos estudantes conceptos lingüísticos básicos relacionados coa Fonética e a Fonoloxía e coas ferramentas necesarias para recoñecer e reproducir os sons do inglés. Para isto, daranse as descripcións dos sons que irán acompañadas de representacións grafémicas e transcripcións.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Sen cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Clases expositivas e seminarios (estudo de casos), adaptando as canles de comunicación (Moodle / Microsoft Teams).</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Prácticas de Laboratorio. Convertiranse en prácticas a través das TICs, facendo uso de Moodle e Microsoft Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 1. Correo electrónico. Diariamente (luns a venres). 2. Moodle. Horario de aulas. 3. Microsoft Teams. Horario de aulas e titorías.</p> <p>4. Modificacións na avaliación As tarefas de avaliación entregaranse a través de Moodle. Os exames realizaranse a través de Moodle ou Microsoft Teams nas datas oficiais establecidas. *Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sen cambios.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer os principios básicos do sistema auditivo tanto desde o punto de vista anatómico como funcional	A1 A11		C2
Coñecer a estrutura, organización, e utilización dos símbolos do IPA	A1 A15		C7
Manexar as principais ferramentas de análise de F0 e interpretalas	A14	B2 B7	
Coñecer os elementos que interveñen na fonación, a súa participación e misión na xénese da voz	A1 A3 A20	B2 B6	
Describir e interpretar os mecanismos de articulación do fala, e a relación entre articulación e acústica	A1	B2	C6
Relacionar conceptos fonolóxicos abstractos co funcionamento do aparello fonador.	A1	B2	
Entender a terminoloxía básica.	A3 A19	B10	
Recoñecer o reflexo dalgunhas peculiaridades relevantes da prosodia do inglés e a estrutura prosódica dunha curva e dos elementos que a integran.	A6 A18 A19	B2 B8	
Transcribir correctamente fragmentos escritos e orais en inglés	A19 A20	B3 B4	
Comparar instrumentos e metodoloxías relacionados coa análise fonética da entoación		B1 B2	
Aplicar a análise de espectrogramas mediante ferramentas de análises do son		B2 B5	
Manexar con habilidade as aplicacións de fonética tanto no ámbito do laboratorio como cara a posibles saídas profesionais, e para a vida en sociedade.		B2	
Comparar instrumentos e metodoloxías relacionados coa análise fonética da entoación	A1 A3	B2 B9	
Identificar os mecanismos que regulan a fonación, as principais teorías fonatorias que se elaboraron ao longo da historia e a que se mantén hoxe como base do estudo da voz e os seus trastornos.			
Manexar adecuadamente as técnicas instrumentais de investigación en Fonética e Fonoloxía		B2	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) xa que moitas das actividades da aula baséanse en Moodle.		B2	C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A Fonética e a Fonoloxía como disciplinas lingüísticas	1.1. Concetos básicos e ferramentas. Definición e descrición 1.2. Fonética acústica 1.3. Fonética perceptiva 1.4. Fonética articulatória
2. O aparato fonador	2.1. A anatomía da fala 2.2. A fisioloxía da fala 2.3. Nivel segmental e suprasegmental
3. Os sons da fala e a súa representación gráfica	3.1. Vogais e consoantes: clasificación funcional e articulatória 3.2. IPA e a súa representación. Clasificación dos sons
4. As consoantes do inglés: descrición e representación gráfica	4.1. Parámetros descritivos: modo de articulación, lugar de articulación e acción das cordas vocais. 4.2. Tipos de articulación: dobre articulación; articulación primaria e secundaria. 4.3. Alófonos consonánticos
5. As vogais do inglés: descrición e representación gráfica	5.1 Vogais. Parámetros descritivos 5.2 Diptongos e triptongos 5.3. Fenómenos relacionados



6. Sílabas, palabras e cadea falada	6.1. Sílaba: definición e estrutura 6.2. Fenómenos da cadea falada: Gradación. Asimilación. Elisión. Xuntura. Liaison
7. Acento e entoación	7.1. Acento 7.2. Entoación
8. Os acentos do inglés	8.1. Gran Bretaña: Received Pronunciation, Estuary English 8.2. EE.UU: American Standard English, African-American English, American- Indian English 8.3. Australia e Nova Zelanda 8.4. Acentos do inglés como segunda lingua

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A6 A11 A15 B2 B6 C6	14	16	30
Sesión maxistral	A1 A3 A11 A15 B4 B8 B9 C7	21	20	41
Solución de problemas	A14 B2 B5 B6 B7 B10 C2	14	11	25
Análise de fontes documentais	A3 A11 A19 A20 B1 B6 C3 C7	0	5	5
Prácticas de laboratorio	A1 B2 B3 B7 C3 C2	14	11	25
Proba obxectiva	A1 A3 A6 A15 A18 A19 A20 B2 B4 C2	3	15	18
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	O estudo de casos realizarase principalmente nas sesións semanais de grupos intermedios, podendo integrarse tamén nas clases expositivas. As actividades que se realizarán centraranse en poñer en práctica os contidos teóricos da materia, conferindo especial atención ás actividades de transcripción fonética en inglés.
Sesión maxistral	Sesións principais semanais con todo o grupo. Nestas sesións os conceptos básicos serán expostos dun modo teórico, con apoio de exemplos prácticos, para pasar progresivamente ao compoñente de traballo práctico no modo "aprender facendo", reducindo gradualmente o compoñente teórico explicativo e incorporando módulos de autoaprendizaxe.
Solución de problemas	Os exercicios xurdirán en torno á resolución de problemas durante as clases teóricas ou seminarios (grupos intermedios).
Análise de fontes documentais	Análise de fontes primarias e secundarias.
Prácticas de laboratorio	Sesións en grupos reducidos que favorecerán o ensino-aprendizaxe interactivo. As actividades, que poderán realizarse no Laboratorio de Idiomas ou ben a través das TIC, centraranse en mellorar a capacidade do alumnado para identificar e producir os diferentes sons da lingua inglesa.
Proba obxectiva	A proba obxectiva combinará cuestións teóricas sobre a fonética e fonoloxía inglesas, a transcripción fonética dun texto escrito e unha transcripción dun audio.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos Solución de problemas	<p>O alumnado contará coa atención do profesorado do curso nas horas de titorías, a través da plataforma virtual Moodle e a través do correo electrónico en todo momento.</p> <p>Atención a diversidade: Existe unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o desexe pode poñerse directamente en contacto coa ADI en http://www.udc.es/cufie/uadi/. Tamén no teléfono 5622 ou na dirección de email adi@udc.es.</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A6 A11 A15 B2 B6 C6	O alumnado deberá completar unha serie de tarefas teórico-prácticas ao longo do cuatrimestre. A nota mínima total das tarefas teórico-prácticas non poderá ser inferior a 4 (sobre 10) para superar a materia.	40
Proba obxectiva	A1 A3 A6 A15 A18 A19 A20 B2 B4 C2	O alumnado deberá facer un exame final na data oficial de xaneiro. A nota mínima para esta proba non poderá ser inferior a 4 (sobre 10) para superar a materia.	40
Prácticas de laboratorio	A1 B2 B3 B7 C3 C2	O alumnado deberá realizar unha práctica de laboratorio individual, ben de forma presencial ou a través das TICs, como parte da avaliación do curso.	20

Observacións avaliación



Observacións xerais

Para superar a materia, a suma das distintas actividades e probas avaliáveis deberá ser 5 sobre 10. Ademais, a cualificación mínima

das tarefas teórico-prácticas (estudo de casos), así como da proba obxectiva non poderá ser inferior a 4, aínda que a nota media total sexa 5 ou máis. Así mesmo, o alumnado deberá realizar como mínimo a metade das actividades necesarias. De non ser este o caso, o/a alumno/a non será cualificado e na acta oficial rexistrárase como ?non presentado?. Os/as alumnos/as que non se presenten o día do exame oficial acadarán a cualificación de NP (?non presentado?), independentemente das actividades realizadas con anterioridade.

En caso de non acadar a nota mínima nalgunha das partes da materia, o/a alumno/a terá que repetir esa parte (ou partes) no exame de xullo, coas mesmas porcentaxes.

O alumnado deberá preparar con antelación os exercicios e as lecturas recomendadas para a posterior discusión na aula. Así mesmo, o alumnado deberá comprobar de forma regular o curso virtual da materia e o correo electrónico, medios que se empregarán para o envío de información e para a comunicación de cambios de última hora.

Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de actividades se estas son entregadas fóra de prazo sen causa xustificada e sempre que a entrega sexa dentro das 48 horas posteriores ao prazo de entrega límite establecido. Actividades con máis de 48 horas de retraso na entrega non serán cualificadas.

Os traballos con evidencia de plaxio serán cualificados automaticamente cun 0. Para este fin poderá usarse a aplicación Turnitin, que recoñece traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades.

Tanto a proba obxectiva como as tarefas teórico-prácticas deben atender aos requisitos mínimos de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, gramática, precisión léxica e rexistro) propios do nivel esperado para o alumnado que cursa a materia. Deficiencias nesta área serán penalizadas.

Datas e horarios do exame final

As datas e horarios das probas oficiais serán aprobados pola Facultade e publicados para cada curso con anterioridade ao inicio do mesmo.

Oportunidade de xullo

O alumnado que non supere a materia en xaneiro terá outra oportunidade en xullo, coa seguinte distribución de porcentaxes: 1) Proba obxectiva (40%); 2) Prácticas de laboratorio (20%); Tarefa/s teórico-práctica

(40%). Os/as

alumnos/as que teñan superado algunha parte da materia, non terán que repetila en xullo.

Alumnado con dispensa

O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica, como establece a Normativa desta universidade, será avaliado en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a oportunidade de xullo. Os estudantes a tempo parcial que teñan concedida unha "dispensa académica" deben contactar coa profesora ao comezo do cuatrimestre para facer os axustes precisos nas distintas actividades.



Fontes de información

Bibliografía básica	Collins, Beverley, and Inger Mees. <i>Practical Phonetics and Phonology: A Resource Book for Students</i>. London: Routledge, 2008. Roach, Peter. <i>English Phonetics and Phonology: A Practical Course</i>. Cambridge: Cambridge University Press, 2000. Wells, J. C. <i>Longman</i><i>Pronunciation Dictionary</i>. Londres: Longman, any edition. Collins, Beverley, and Inger Mees. Practical Phonetics and Phonology: A Resource Book for Students. London: Routledge, 2008. Roach, Peter. English Phonetics and Phonology: A Practical Course. Cambridge: Cambridge University Press, 2000. Wells, J. C. Longman Pronunciation Dictionary. Londres: Longman, any edition.
Bibliografía complementaria	Ashby, M.; J. Maidment. Introducing Phonetic Science. Cambridge: Cambridge University Press, 2005. Baken, R. J. Clinical measurement of speech and voice. San Diego, CA: Singular Pub. Group, 1996. Barry, W.J. and W. A. Van Dommelen (eds.) The Integration of Phonetic Knowledge in Speech Technology, Dordrecht, Springer, 2005. Bell, A. ?Radio: The style of news language? Journal of Communication 32 (1982): 150-164. Borden, G.J.; Harris, K.S.; Raphael, L.J. Speech Science Primer. Physiology, Acoustics, and Perception of Speech, Baltimore, Williams and Wilkins, 1994. Brown, A. (Ed.) Teaching English Pronunciation: A Book of Readings. London: Routledge, 1991. Cowie, R. and Cornelius, R.R. ?Describing the emotional states that are expressed in speech.? Speech Communication Special Issue on Speech and Emotion, 40,1- 2(2003): 5-32. Eckert, P. and J. Rickford (eds) Style and Sociolinguistic Variation. Cambridge: CUP, 2001. Hart, J., Collier, R., and Cohen, A. A perceptual study of intonation. An experimental-phonetic approach to speech melody, Cambridge, Cambridge University Press, 1990. Holmes, J. N. and Holmes, W. Speech Synthesis and Recognition. London, Taylor & Francis, 2001. IPA. Handbook of the International Phonetic Association, Cambridge, Cambridge University Press, 1999. Kent, R. D.; Read, Ch. The Acoustic Analysis of Speech, San Diego, Singular Publishing Group, Inc, 1992. Kohler, K. J. (ed.). ?Rhythm in Speech and Language. From Theory to Data?, Phonetica 66, 1-2 (2009). Kuhl, P. K. ?Early language acquisition.? Nature Reviews Neuroscience, 5, 2004: 831- 43. Ladefoged, P. and Maddieson, I. The Sounds of the World's Languages. Blackwell, Oxford, 1996. Leather, J. Phonological Issues in Second Language Learning. Oxford: Blackwell, 1999. Lleó, C. La adquisición de la fonología de la primera lengua y de las lenguas extranjeras. Madrid: Visor, 1997. Martínez Celdrán, E. Análisis espectrográfico de los sonidos del habla, Barcelona, Ariel, 2007. Moore, B.J.C. An Introduction to the Psychology of Hearing. Amsterdam. Academic Press, 2003. Thomas, E. R. ?Instrumental Phonetics?, en Chambers, J. K., Trudgill, P., Shilling-Estes, N. (eds.): The handbook of language variation and change. Malden, Ma: Blackwell, 2004. Titze, I. Principles of Voice Production. Prentice Hall, 1994. VVAA. ?Disorders of speech and language.? In: Principles of Neurology. McGraw-Hill, New York, 2005.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Inglesa 1/613G03003
Lingüística Xeral/613G03004
Lingua Inglesa 2/613G03008
Lingua Inglesa 3/613G03015
Lingua Inglesa 4/613G03019

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase un bo manexo do inglés posto que se penalizarán os erros gramaticais, orde de palabras non inglesa e falta de concordancia.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías